



Normas Reguladoras do Rexistro de persoas mediadoras e conciliadoras do Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela

I. Preámbulo

A Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza, regula, dentro das medidas en materia de eficiencia procesual, os medios adecuados de solución de controversias na vía xudicial (MASC), entendendo, como tales, calquera tipo de actividade negociadora, recoñecida nas leis, á que as partes dun conflito acoden de boa fe co obxecto de atopar unha solución extraxudicial a el, xa sexa por si mesmas, ou coa intervención dunha terceira persoa neutral.

A Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís, regula as institucións de mediación, as cales están destinadas a ter un papel preponderante á hora de ordenar e fomentar os procedementos de mediación. Entre as devanditas institucións, inclúense as corporacións de dereito público que teñan entre os seus fins o impulso da mediación, como ocorre cos colexios profesionais, en virtude da reforma introducida pola propia Lei 5/2012 na Lei 2/1974 que, na letra ñ do seu artigo 5, lles atribúe aos colexios da avogacía, entre as súas funcións, a de: «Impulsar e desenvolver a mediación, así como desempeñar funcións de arbitraje, nacional e internacional, de conformidade co establecido na lexislación vixente.»

Para cumprir tales fins, créase o Rexistro de persoas mediadoras, que se dota dunha regulación específica no exercicio da nova potestade xurídica pública atribuída aos colexios profesionais.

Por outra banda, a Lei orgánica 1/2025 establece, dentro das diferentes modalidades de negociación previa á vía xurisdiccional, a conciliación privada, na cal, toda persoa, física ou xurídica, que se propoña exercitar as accións legais que lle corresponden en defensa dun dereito, pode requirir unha persoa con coñecementos técnicos ou xurídicos relacionados coa materia de que se trate, para que xestione unha actividade negociadora tendente a alcanzar un acordo conciliatorio coa parte que se pretenda demandar.

Para eses efectos, entre as figuras destinadas a poder intervir como persoa conciliadora, e co obxecto do presente rexistro, sinálanse aquelas que se atopen rexistradas como exercentes residentes no colexio profesional da avogacía de Santiago de Compostela.

No exercicio de tales funcións, a Xunta de Goberno do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela creou o Servizo de Solución de Controversias en Asuntos Civís e Mercantís do ICA Santiago, co obxecto de facilitar o acceso a ambas as medidas de solución de controversias e designar, segundo o caso, as persoas mediadoras ou conciliadoras. O procedemento de designación garantirá a súa transparencia e dará a coñecer a identidade de quen actúe dentro do seu ámbito, así como o cumprimento dos requisitos esixidos en cada un dos supostos.



II. Normas comúns

Primeira. Obxecto

As presentes Normas teñen por obxecto a regulación do Rexistro de persoas mediadoras e conciliadoras do Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela (en diante ICA Santiago).

Segunda. Ámbito e requisitos de inscrición

A. Requisitos para a inscrición no Rexistro de persoas mediadoras

1. Poderán inscribirse no Rexistro de persoas mediadoras do ICA Santiago as persoas colexiadas como exercentes residentes neste colexio, que desexen actuar como mediadoras en materia civil e mercantil e que cumpran as condicións seguintes:
 - a) Atoparse en pleno exercicio dos seus dereitos civís.
 - b) Contar con formación específica para exercer a mediación adquirida mediante a realización de cursos impartidos por institucións debidamente acreditadas, de acordo co establecido no Real decreto 980/2013.
 - c) Contar, de ser o caso, con formación ou experiencia nas materias correspondentes ás especializacións de que dispoña o Servizo de Mediación do ICA Santiago.
 - d) Subscribir un seguro ou garantía equivalente que cubra a responsabilidade civil derivada da súa actuación nos conflitos nos que interveña.
 - e) Estar ao corrente no pagamento das cotas colexiais.
2. Para formalizar a inscrición no Rexistro de persoas mediadoras do Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago será necesario acreditar a formación esixida polo RD 980/2013 polo que se desenvolven determinados aspectos da Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís, consistente en formación específica en mediación de 100 horas de docencia efectiva, das cales un mínimo do 35 % das horas de formación deben ser de carácter práctico.

B. Requisitos para a inscrición no Rexistro de persoas conciliadoras.

1. Poderán inscribirse no Rexistro de persoas conciliadoras do ICA Santiago as persoas colexiadas como exercentes residentes que desexen actuar como conciliadoras en materia civil e mercantil.
2. Estar ao corrente no pagamento das cotas colexiais.

Terceira. Organización administrativa do Rexistro

1. Os rexistros de persoas mediadoras e conciliadoras terán a súa sede no domicilio do ICA Santiago e estarán suxeitos á autoridade da Xunta de Goberno, como órgano



competente, ao que corresponde a aplicación, interpretación e modificación, de ser o caso, das presentes Normas reguladoras.

2. Ambos os rexistros dependerán, para os efectos administrativos, do Servizo de solución de controversias en asuntos civís e mercantís do ICA Santiago, e do persoal da secretaría do colexio, que exercerán as facultades que lles delegue a Xunta de Goberno. Son indelegables as facultades de admisión, denegación, suspensión e cancelación da inscrición.

Cuarta. Organización interna do Rexistro

O Rexistro estará composto polas seguintes seccións:

- a) Sección 1ª: Sección de persoas mediadoras persoas físicas.
- b) Sección 3ª: Sección de persoas conciliadoras persoas físicas.

Calquera dos rexistros poderá contar con seccións especializadas por materias.

Quinta. Solicitude de inscrición, documentación e permanencia no Rexistro

A. Servizo de Mediación

1. A solicitude de inscrición no Rexistro de persoas mediadoras formularase cubrindo o modelo normalizado que se une como anexo 1, que deberá ir acompañado da seguinte documentación:
 - a) Acreditación da formación específica en materia de mediación civil e mercantil e, de ser o caso, acreditación de formación ou experiencia na materia correspondente á especialización que pretenda facer constar.
 - b) Copia da póliza do seguro que cubra a responsabilidade na que a persoa mediadora poida incurrir e acreditación do pagamento da prima. As persoas solicitantes estarán eximidas desta obriga no caso de que estean de alta na póliza de responsabilidade civil do ICA Santiago.
2. Para que a persoa mediadora poida continuar inscrita no rexistro, deberá acreditar a formación continua en materia de mediación civil e mercantil que se determine regulamentariamente ou que estableza a Xunta de Goberno.

B. Servizo de Conciliación

A solicitude de inscrición no Rexistro de persoas conciliadoras formularase cubrindo o modelo normalizado que se une como anexo 2, e deberá ir acompañado da seguinte documentación:

- Declaración responsable de ter cuberta a responsabilidade profesional pola contía adecuada aos riscos que implique ou presentación da copia da póliza.



Sexta. Procedemento da inscrición

1. A solicitude de inscrición deberá presentarse na secretaría do ICA Santiago, mediante o formulario de solicitude que se une como anexo 1, para mediación, e anexo 2, para conciliación, acompañando a documentación relacionada, para cada un dos supostos, na norma segunda.
2. A solicitude e a documentación acompañada elevaranse á Xunta de Goberno para os efectos de verificar o cumprimento do establecido nas presentes Normas, na Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís, na LO 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza, e nos regulamentos que as desenvolvan.
3. Se reunise a solicitude os requisitos previstos legal e regulamentariamente, procederase a practicar a inscrición no Rexistro que proceda, logo do acordo, para o efecto, que adoptará a Xunta de Goberno. O prazo para acordar a inscrición non poderá exceder de tres meses desde que se presentase a solicitude.
4. Se a solicitude non reunise os requisitos establecidos, acordarase a suspensión do procedemento, e requirirase a persoa solicitante para que, no prazo máximo de dez días hábiles, proceda á oportuna corrección, coa advertencia de que, se así non o fixer, se ditará a resolución na que considerará desistido da súa petición. Unha vez efectuada a corrección, a Xunta de Goberno resolverá admitir ou denegar a inscrición solicitada, resolución que lles será notificada ás persoas interesadas.

Sétima. Denegación da inscrición, notificación e recursos

1. O acordo de denegación seralles notificado ás persoas interesadas coa indicación dos recursos que puideren interpoñerse, os prazos e o órgano competente para resolvelos.
2. Os acordos da Xunta de Goberno en materia de inscrición no Rexistro de persoas mediadoras ou no Rexistro de persoas conciliadoras estarán suxeitos ao réxime de recursos establecidos na normativa aplicable, en especial, no Estatuto colexial, no Estatuto xeral da avogacía española e na Lei reguladora do procedemento administrativo común.

Oitava. Efectos da inscrición

A incorporación ao Rexistro será condición indispensable para ser designado polo Servizo de solución de controversias en asuntos civís e mercantís do ICA Santiago.

Novena. Cancelación e suspensión da inscrición

1. Solicitude de cancelación:

As persoas mediadoras ou conciliadoras deberán solicitar a cancelación da inscrición no rexistro correspondente cando cesen na actividade ou deixen de cumprir os requisitos esixidos legal e regulamentariamente para a inscrición.

2. Cancelación de oficio:



A Xunta de Goberno poderá, igualmente, suspender ou anular de oficio a inscrición no rexistro colexial correspondente nos seguintes supostos:

- a) Se se comprobar a falsidade ou inexactitude dos datos ou da documentación achegada no procedemento de inscrición, salvo erro ou defecto emendable.
- b) No caso de incumprimento sobrevido dalgún dos presupostos esixidos pola lei ou estas Normas.
- c) En execución dunha sanción disciplinaria firme.

Nos casos previstos nos apartados a) e b), outorgarase á persoa interesada un prazo de 10 días para un trámite de audiencia previo, durante o cal poderá presentar alegacións e a documentación que considere pertinente para sustentalas.

3. Suspensión:

A Xunta de Goberno poderá acordar a suspensión cautelar da inscrición nos seguintes supostos:

- a) Durante a tramitación do expediente de cancelación.
- b) No caso de existir un expediente ou procedemento sancionador en trámite contra a persoa mediadora ou conciliadora, de acordo coas previsións da normativa reguladora da deontoloxía profesional.

Disposición adicional primeira. Protección de datos

- 1. Os datos persoais facilitados pola persoa interesada serán incluídos no ficheiro de datos de titularidade pública do Rexistro, no ficheiro de datos de titularidade pública dos Servizos de Mediación e Conciliación, e dos rexistros de persoas mediadoras e conciliadoras do ICA Santiago, exclusivamente para os efectos das actuacións derivadas do cumprimento do previsto na Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís, e na Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza, e non serán cedidos nin tratados con ningunha outra finalidade.
- 2. De acordo cos dereitos que lle confire a normativa vixente en protección de datos, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación, supresión (“dereito ao esquecemento”), portabilidade e oposición ao tratamento dos seus datos de carácter persoal, así como retirar o consentimento prestado para o seu tratamento. Para isto deberá dirixir a súa petición por escrito ao enderezo postal do ICA Santiago, ou ao correo electrónico st.gerente@icasantiago.org. Tamén se pode dirixir ao delegado de protección de datos. Poderá dirixirse á autoridade de control competente para presentar a reclamación que considere oportuna a través da web: www.aepd.es.

Disposición adicional segunda. Cobertura da responsabilidade civil

- 1. Persoas mediadoras:



Segundo preceptúa o artigo 11.3 da Lei 5/2012 de mediación en asuntos civís e mercantís, as persoas mediadoras deberán subscribir un seguro ou garantía equivalente que cubra a responsabilidade civil que poida derivarse da súa actuación nos conflitos en que interveña. A suma asegurada deberá ser equivalente, como mínimo, á básica concertada para o resto dos colexiados e colexiadas do ICA Santiago. Con carácter anual, deberá acreditarse a vixencia do aseguramento. A falta de cobertura da responsabilidade civil dará lugar á cancelación da inscrición, todo iso sen prexuízo das responsabilidades legais e disciplinarias en que se puiden incorrer.

2. Persoas conciliadoras:

Deberán ter cuberta a responsabilidade profesional pola contía adecuada aos riscos que implique, e presentar unha declaración responsable neste sentido.



ANEXO 1

SOLICITUDE DE ALTA NO REXISTRO DE MEDIADORES (MASC-ICAS)

Apelidos:

Nome:

Núm. Colexiado/a:

DNI:

Acreditacións

- Formación

Formación inicial (100 h)

- Título e data:
- Organismo:

Formación continua (20 h)

- Título e data:
- Organismo:

- Póliza do seguro de responsabilidade civil

- ☐ Póliza ICA Santiago – Allianz
- ☐ Outra póliza (achegar a copia da póliza na que figure a cobertura específica para MASC)

Declaro que cumpro os requisitos esixidos para solicitar a alta no Rexistro de persoas mediadoras do ICA Santiago.

Santiago de Compostela, de de

Asinado:

(Enviar por correo electrónico: registro@icasantiago.org)



ANEXO 2

SOLICITUDE DE ALTA NO REXISTRO DE CONCILIADORES (MASC-ICAS)

Apelidos:

Nome:

Núm. colexiado/a:

DNI:

Acreditacións

– Póliza do seguro de responsabilidade civil

☐ Póliza ICA Santiago – Allianz

☐ Outra póliza (achegar a copia da póliza na que figure a cobertura específica para MASC)

Declaro que cumpro os requisitos esixidos para solicitar a alta no Rexistro de persoas conciliadoras do ICA Santiago.

Santiago de Compostela, de de

Asinado:

(Enviar por correo electrónico: rexistro@icasantiago.org)